

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

3417 *Real decreto 94/2021, do 16 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 92/2018, do 2 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación cos fondos europeos agrícolas, Feaga e Feader.*

O Real decreto 92/2018, do 2 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación cos fondos europeos agrícolas, Feaga e Feader, estableceu o réxime xurídico dos organismos pagadores dos gastos financiados con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (Feaga) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) e do organismo de coordinación, así como os mecanismos para facer efectiva a coordinación.

O Fondo Español de Garantía Agraria, O.A., tal e como se recolle no seu estatuto, aprobado polo Real decreto 1441/2001, do 21 de decembro, ten atribuídas, entre outras funcións, actuar como interlocutor único ante a Comisión Europea para aquelas cuestións relativas ao financiamento da política agrícola común e á coordinación financeira do sistema de prefinanciamento nacional dos gastos dos fondos europeos agrícolas e do proceso de liquidación de contas destes.

Durante as seis campañas de aplicación da última reforma da política agrícola común (PAC), a normativa nacional foise adecuando de maneira sucesiva ás modificacións da normativa da Unión Europea, ao mesmo tempo que se incorporaban cambios derivados da experiencia adquirida na xestión destes fondos para dotar o sistema de axudas dunha maior simplicidade, eficacia e eficiencia.

En liña con estes obxectivos e iniciativas, detectouse que os procedementos relacionados cos mecanismos necesarios para atender o prefinanciamento nacional dos pagamentos con cargo ao Feaga e ao Feader poden ser mellorados.

Así, actualmente, as contas únicas e específicas abertas polos organismos pagadores das comunidades autónomas utilizadas para o pagamento das axudas da PAC levan varios anos en que, pola conxuntura económica e bancaria, non xeran apenas xuros.

Consecuentemente, a preparación de expedientes trimestrais para liquidar ao Tesouro Público cantidades moi pequenas supón un custo desproporcionado, tanto para as entidades financeiras como para os organismos pagadores e para o propio coordinador dos organismos pagadores, e tamén para a Intervención Delegada da Intervención Xeral da Administración do Estado que debe fiscalizar cada trimestre importes de céntimos de euros, nalgúns casos.

Por tanto, a tramitación deste procedemento cada trimestre supón unha diminución de eficacia na xestión dos recursos, dado que, en ocasións, o custo da súa xestión administrativa supera os xuros devindicados nel.

Por iso, co obxecto de dotar de maior simplicidade e eficiencia, e aforrar custos á Administración e ao sector financeiro, sempre sen poñer en risco a liquidación dos xuros, precísase modificar o número 3 do artigo 10 do Real decreto 92/2018, do 2 de marzo, ampliando a unha periodicidade anual a liquidación dos xuros devindicados pola conta dos fondos anticipados aos organismos pagadores das comunidades autónomas no marco de prefinanciamento nacional dos pagamentos con cargo a eses fondos.

Na elaboración desta norma observáronse os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Así, de acordo cos principios de necesidade e eficacia, xustifícase o proxecto na necesidade de implementar un axuste que mellore a coordinación financeira do sistema de prefinanciamento nacional dos gastos dos fondos europeos agrícolas e do proceso de liquidación de contas destes. Cúmrese o principio de proporcionalidade e a regulación limitase ao mínimo imprescindible para cumprir coa dita

normativa. O principio de seguridade xurídica garántese ao establecérense nunha disposición xeral as novas previsións en coherencia co resto do ordenamento xurídico. Así mesmo, en aplicación do principio de transparencia foron consultadas durante a tramitación da norma as comunidades autónomas e substanciouse o trámite de audiencia e información pública. Finalmente, o principio de eficiencia considérase cumprido xa que non se impoñen novas cargas administrativas fronte á regulación actual.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de febreiro de 2021,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Real decreto 92/2018, do 2 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación cos fondos europeos agrícolas, Feaga e Feader.*

O número 3 do artigo 10 do Real decreto 92/2018, do 2 de marzo, polo que se regula o réxime dos organismos pagadores e de coordinación cos fondos europeos agrícolas, Feaga e Feader, queda redactado da seguinte maneira:

«3. Os fondos anticipados aos organismos pagadores das comunidades autónomas ingresarán nunha conta única e específica para cada fondo. A dita conta devindicará xuros nas condicións normais de mercado. Os xuros devindicados por esta conta liquidaranse ao Tesouro Público anualmente, a través do organismo de coordinación, que incluírá os xuros devindicados desde o un de xaneiro ao trinta e un de decembro do ano natural».

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e producirá efectos desde o 1 de xaneiro de 2021.

Dado en Madrid o 16 de febreiro de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,
LUIS PLANAS PUCHADES